

PLAMBE 15-16

LIÑAS PRIORITARIAS

CRA MESTRA CLARA TORRES

TUI



FUNDAMENTACIÓN

O CRA MESTRA CLARA TORRES leva desenvolvendo proxectos multifuncionais e multicontextuais dinamizados dende a BIBLIOTECA ESCOLAR durante a súa constitución. A nosa biblioteca escolar está concebida como un centro FAVORECEDOR DE APRENDIZAXES, XERADOR DE CONTIDOS CURRICULARES, PROMOTOR DA LECTURA tanto no centro como entre a comunidade social de TUI tal como se demanda dende a lexislación educativa actual (LOE 2/2006, LOMCE 8/2013)

Este curso pretendemos dar un paso máis e trataremos de vincular determinadas actuacións coa EUROCIDADE TUI-VALENÇA e, por este motivo, a nosa BIBLIOTECA será UNHA VENTÁ ABERTA a novas lecturas, a coñecer novas realidades educativas, sociais, naturais e culturais, a novas aprendizaxes.

De igual maneira **DINAMIZAREMOS METODOLOXÍAS** para poder dar resposta ao desenvolvemento das **CCBB, DE DIFERENTES MODELOS DE PENSAMENTO (reflexivo, analítico, lóxico, analóxico, crítico, deliberativo, creativo, práctico, sistémico) polo que seremos un escenario de "ideas e de experimentación no que alumnado, profesorado e familias poden compartir inquiredanzas, formación e lecer e nas que a cultura impresa e a cultura dixital se integran de forma natural"**

Por outra parte, teremos en conta diferentes **MODELOS DE ENSEÑANZA** como os cognitivos-constructivos (**indagación científica, formación de conceptos**), **MODELOS SOCIAIS: grupos interactivos, cooperativos, dialóxicos, tutorización entre pares, aprendizaxe xuntos, aprendizaxe por equipos**), **PERSONAIS (grupos interactivos)**.

As actividades de motivación, introducción e coñecementos previos levarán sempre unha caixa sorpresa na que existirán obxectos, imaxes, libros, carteis,...relacionados co proxecto. a continuación iniciarase o proceso de valoración dos COÑECEMENTOS PREVIOS (que sabemos) para continuar a rexistrar nun panel o QUE DESEXAMOS COÑECER OU SABER (guión-índice do traballo) ONDE IMOS BUSCAR A INFORMACIÓN, CATEGORIZACIÓN DA INFORMACIÓN e para rematar REXISTRAR TODA A INFORMACIÓN OBTIDA a modo de conclusión e síntese. A seguinte actividade será A OPERACIÓN RASTREXO ou CAZA TESOUROS NA BIBLIOTECA onde o alumnado terá que ir buscando fontes documentais relacionados coa temática (CONTOS, LIBROS, CDS, DVD CINE, ENCICLOPEDIAS,...). Nos ordenadores da aula existira un ARQUIVO-CARTAFOL DO PROXECTO no que cada día o alumnado irá enchendo. Ao mesmo tempo iremos creando un banco de recursos sobre o tema para logo poder crear os propios contidos (etiquetas, imaxes, memorys, vocabulario, carteis, notas informativas,... AO LONGO DO PROXECTO poderanse traballar diferentes bloques de contidos relacionados con el tanto de forma global como de forma máis específica. O alumnado e o profesorado pescudarán en fontes documentais relacionadas co tema e integrando a arte: cine, pintura, escultura, arquitectura,...

Polo que se refire ás **LIÑAS PRIORITARIAS DE TRABAJO** pretendemos abordar os seguintes ámbitos:

1. INTEGRACIÓN DIDÁCTICA DAS TIC E USO PARA O TRABAJO COOPERATIVO EN REDE A TRAVÉS DE ESPAZOS VIRTUAIS

- Deseño de tarefas colaborativas TIC en rede

- Deseño de actividades LIM-PDI-TABLETS-MINIQUEST
- Deseño e emprego creativo do blog
- Produción de películas de animación co programa stopmotion
- Deseño de documentais para apoio aos proxectos de aula-centro
- Deseño e emprego de web dinámicas



- Deseño de actuacións con skipe

2. APRENDIZAXES COOPERATIVOS

- deseño de actuacións con aprendizaxe cooperativo
- adopción de responsabilidades cooperativas entre iguais
- Deseño e realización de tarefas e actividades colaborativas interaulas e cooperativas entre iguais na aula
- Autoavaliación e avaliación entre iguais
- Coñecemento teórico e Identificación do grao de cooperatividade e índice de calidade que posúen os traballos cooperativos desenvolto entre iguais

3.- ORGANIZACIÓN E XESTIÓN

- rexistro no MEIGA dos fondos documentais
- adquisición de fondos
- publicitación das novidades
- visibilización dos fondos doutras bibliotecas
- intercambio de fondos INTERCRAS do BAIXO MIÑO-VAL MIÑOR
- .ORGANIZACIÓN MALETAS VIAXEIRAS INTERAULAS DO CRA mensualmente
- dinamización do blog

4.- DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DE RECURSOS DA BIBLIOTECA E A SÚA INTEGRACIÓN NO TRATAMENTO DO CURRÍCULO E A SÚA CONTRIBUCIÓN Á ALFABETIZACIÓN MÚLTIPLE E AO DESENVOLVEMENTO DAS CCCC

- .desenvolvemento dun PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO anual para o centro e integrado nO CONTEXTO FORMAL, INFORMAL E NON FORMAL
- desenvolvemento de PDIs por aula
- MANEXO, USO, BÚSQUEDA DE FONTES DOCUMENTAIS en diferentes soportes e a través de diferentes textos
- búsqueda e descubrimento das propiedades e funcionalidade de textos enumerativos nos fondos das bibliotecas
- búsqueda e descubrimento das propiedades e funcionalidade de textos informativos nos fondos das bibliotecas
- búsqueda e descubrimento das propiedades e funcionalidade de textos literarios nos fondos das bibliotecas
- búsqueda e descubrimento das propiedades e funcionalidade de textos expositivos nos fondos das bibliotecas
- búsqueda e descubrimento das propiedades e funcionalidade de textos prescritivos nos fondos das bibliotecas

5.-FORMACIÓN DE USUARIOS E COMPETENCIA INFORMACIONAL

- Sesións formativas mensuais-trimestrais: profesorado e familias na búsqueda documental, tratamento da información, uso blog, skipe,...



- sesións trimestrais formativas para o uso do meiga e a búsqueda documental abertas ás familias e profesorado
- facer uso nas aulas das TIC na procura de información para o desenvolvemento de proxectos de aula
- facer uso do ordenador da aula para crear e producir textos de forma autónoma
- prender e apagar o ordenador o alumnado cada día
- manexar o rato e as iconas do ordenador para acceder aos programas(google, gmail, blogger, sites,...)

6.-FOMENTO DA LECTURA E DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR

- deseño de momentos de lectura na aula
- facer uso das fontes documentais da biblioteca para buscar información para os proxectos de aula
- deseñar saídas á biblioteca municipal
- deseñar accións de maratóns de lectura
- implementar sesións de escoita de Contos-relatos-poesías na radio municipal
- búsquedas do tesouro en libros
- resolver preguntas en libros
- usar a biblioteca como fonte de información e pracer
- compatir valoracións e opinións en faladoiros literarios
- facer propostas literarias aos compañeiros
- promover por parte das familias propostas literarias
- deseñar unha planificación de propostas de lectura para alumnado e familias dende o blog de biblioteca

7. OUTRAS ACTUACIÓNS

- deseñar actuacións COLABORATIVAS coas Escolas de VALEÇA DO MINHO: contacontos, visita á biblioteca municipal de VALENÇA, intercambio de libros,
- CAMPAÑAS SOLIDARIAS: MERCADILLOS SOLIDARIOS TROCANDO LIBROS POR COMIDA
- CAFETERÍAS LECTORAS: Aproximar á lectura a entornos de lecer
- PISCINAS LECTORAS: levar libros á piscina municipal para o seu uso no verán

OBXECTIVOS

Algúns dos obxectivos son:

- Fomentar entre o alumnado o hábito da lectura.
- Impulsar actividades que fomenten a lectura como medio de entretemento e información.



- Promover entre o alumnado a utilización da biblioteca para a búsqueda de información e a creación de coñecemento.
- -Organizar os recursos de maneira que sexan facilmente accesibles e utilizables.
- -Inculcarlles o pracer de ler como iniciativa propia, non soamente coma algo puramente académico, senón coma algo lúdico e divertido.
- Difundir os fondos da biblioteca facéndoos chegar ó alumnado e as familias.
- -empregar a biblioteca como laboratorio de coñecemento para a comunidade educativa.
- Recompilar toda a documentación existente no centro, así coma materiais e recursos didácticos relevantes, independentemente do soporte.
- Seguir a ampliar con entradas o blog da biblioteca para que sexa a ferramenta de comunicación interaulas, entre as familias e para a cidadanía.
- Catalogar todos os fondos bibliográficos do centro e os do departamento de orientación para rentabilizar os recursos de atención á diversidade.
- Continuar informatizando a biblioteca do centro co programa Meiga.
- Diseñar actividades para as familias para que poidan traballar a lectura na casa, seguindo as pautas dadas.
- Optimizar e fomentar o gusto pola lingua no plano oral e escrito entre as nenas e os nenos e entre as familias e o profesorado.
- Información ás nais e pais da necesidade de que sexan modelos de bos lectores para que estimulen a lectura nos seus fillos.
- Difundir o gusto pola lingua, a busca e difusión da información no plano oral e escrito.
- Achegar a comunidade educativa a lingua e as TIC no plano oral e escrito.
- Promover o uso da lingua castelá e galega entre a comunidade familiar inmigrante.
- Promover a formación e educación familiar tamén en galego.
- Identificar as similitudes e diferencias entre as diversas culturas do centro: galega, marroquí, portuguesa;...
- Recoller a tradición oral da zona xeográfica: refráns, lendas, crenzas...
- Implicar a outras institucións como concello, casas culturais, prensas, radio na divulgación e uso da lingua galega.
- Publicar en diferentes medios a información obtida.
- Favorecer o contacto entre as nenas e nenos das diferentes parroquias empregando as novas tecnoloxías, implicando ás familias e o profesorado.
- Celebrar o día da BIBLIOTECA, do Libro, a semana da prensa e o día das Letras Galegas, TUI LE.
- Recompilar toda a documentación existente no centro, así como materiais e recursos didácticos relevantes independentemente do soporte.
- Recomendar lectura para os nenos e os pais de temáticas diversas (educación, atención á diversidade, aventura, comics, infantil, novelas,...)
- Crear un fondo propio da biblioteca con todos os traballos realizados polos nenos.
- Concienciar a toda a comunidade educativa do importante papel que xoga a biblioteca escolar como centro de recursos organizado.
- Aumentar e actualizar os fondos existentes, equilibrando as diferentes temáticas.
- Difundir entre os Mestres e os alumnos información pedagóxica e culturais.
- Facilitar e seleccionar o material preciso para conseguir os obxectivos de ditos proxectos.

- Impulsar o manexo do programa stop motion.
- Aprender a deseñar procesos creativos, críticos e reflexivos que favorezan a competencia en aprender a aprender, competencia dixital e competencia en autonomía e iniciativa persoal a través das actividades LIM-PDI-MINIQUEST
-



- Promover o uso creativo da web dinámica e dos blogs do centro como espazos de comunicación, interacción, coperación e de colaboración con toda a comunidade educativa e a cidadanía.
- promover unha biblioteca xeradora de proxectos documentais integrais
- impulsar o fomento de lectura na contorna escolar e na contorna social e familiar
- dinamizar o uso do MEIGA
- Dinamizar o uso da dobraxe como ferramenta de expresión oral
- Promover o emprego das tic dun xeito integrado no currículo para que esta ferramenta sexa quen de mellorar a calidade do ensino.
- Dinamizar o emprego do skipe

CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN. INDICADORES E INSTRUMENTOS

CRITERIO	INDICADOR	TEMPORALIZACIÓN	INSTRUMENTO
Cumprimento dos obxectivos	-Se existe a implementación na aula de actividades deseñadas pola biblioteca	Ao remate de cada trimestre	Escala de observación
Formación do profesorado	-Número de asistencia ás sesións	Ao remate de cada sesión	registro
Implicación do profesorado	-Se amosa interese por asistir á formación. -Se amosa interese pola implementación na aula de actividades deseñadas	Ao remate de cada trimestre	registro
Desenvolvemento das competencias profesionais	-Se facilitan o desenvolvemento emocional, autocoñecemento, o traballo cooperativo e a integración diaria na biblioteca -Se favorece o traballo cooperativo para a realización de actividades -Se existe a planificación dos procesos de ensinanza-aprendizaxe competenciais a través da biblioteca	Ao remate de cada trimestre	cuestionario
Coordinación entre equipo E OUTROS EQUIPOS E equipos externos externo	-Asistencia a reunións de posta en común -Intercambio de información	Ao final de cada sesión	actas



	-Actitudes na reunión		
Aplicación na aula de recursos TIC creativos A biblioteca é o espazo xerador de aprendizaxes, formación e información	-Se existe implementación na aula 3 días á semana Se os proxectos teñen un banco de recursos nados a través da Biblioteca	Ao remate do trimestre	Escala de rexistro
Impacto na aula	-Se favorece o traballo cooperativo e colaborativo interaulas -se existen actuacións de proxectos con uso da biblioteca de aula -se hai participación dende aula en actuacións dende a biblioteca	Ao remate do trimestre	Escala de rexistro producións
Deseño de recursos creados para cada proxecto-UDIS-UUDD	Nº de recursos creados	Ao remate do trimestre	producións
Expectativas de continuidade	-Cuestionario final de curso de valoración	Ao remate do curso	cuestionario
Grao de satisfacción do traballo desenvolvido	-Cuestionario final de curso de valoración	Ao remate de cada trimestre	cuestionario

TRANSPOSICIÓN DAS LIÑAS PRIORITARIAS

XESTIÓN E ORGANIZACIÓN	INTEGRACIÓN CURRICULAR E CCBB	FORMACIÓN DE USUARIOS E C NO TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E C. DIXITAL	FOMENTO DA LECTURA E P. LECTOR	OUTRAS ACTUACIÓNS
1 BIBLIOTECA CENTRAL	PROPOSTAS DE LECTURA EN AUDIOVISUAL	1 SESIÓN FORMATIVA TRIMESTRAL PARA USOE MANEXO DO MEIGA	ACTIVIDADES DE DOBRAXE DE ANIMACIÓN E DE DOCUMENTAIS	PRESTAMO COAS BIBLIOTECAS DE TUI E VALENÇA
9 BIBLIOTECAS DE AULA	-DESEÑO DE ALOMENOS UN PDI DURANTE O CURSO 15-16 coa temática que se estime máis oportuna para o	FORMACIÓN DE FAMILIAS UNHA VEZ AIO MES: BLOG. SKIPE, P	CREACIÓN DE LIBROS DAS CONMEMORACIÓNS	INTERCAMBIO DE LIBROS COA BIBLIOTECA DE VALENÇA



	desenvolvemento curricular (ALIMENTACIÓN, ENERXÍA, ANIMAIS, PINTURA, ARTE,...)			
9 LOTES DIFERENTES ITINERANTES QUE SE VAN CAMBIANDO CADA MES	-CELEBRACIÓN DE DATAS ESPECIAIS: DÍA DA BIBLIOTECA, MAGOSTOS, SAMAIÑ, NADAL, DÍA DA PAZ, ENTROIDO, LETRAS GALEGAS, DÍA DO LIBRO, DÍA MUNDIAL DA AUGA	MANEXO DE DROPBOX, ISSUU, SITE, SLIDESHARE, YOUTUBE	CINECRA BLOG-CINEAULA CON GUIAS DE VISIONADO (COLABORACIÓN COA UIB, UVIGO, OQO,...)	INTERCAMBIO DE RECURSOS INTERCENTROS
ADQUISICIÓN DE FONDOS CON SUSCRIPCIÓN A OQO, KALANDRAKA	ADQUISICIÓN DE FONDOS DOCUMENTAIS RELACIONADOS COS PROXECTOS-UDIS-UUDD	CREACIÓN DE ACTIVIDADES LIM	HORA DE LER DIARÍA NAS 11 AULAS CON BÚSQUEDAS OU CAZA TESOUROS EN LIBROS	PROXECTO COLABORATIVO DE EUROCIDADE TUI-VALENÇA CON ESCOLAS RURAIS DE PORTUGAL: AGRUPAMENTO MURALHAS DO MINHO
SUSCRIPCIÓN A REVISTAS DE EDUCACIÓN	GUÍAS DE CINE	CREACIÓN DE LIBROS AUDIOVISUAIS PLURILINGÜES Y RECURSOS DIXITAIS PLURILINGÜES	CAZA TESOUROS EN LIBROS	NOMEAR AS DIFERENTES AULAS DO CENTRO CON NOMES SIGNIFICATIVOS RELACIONADOS COS PROXECTOS (PINTURA, LITERATURA, PATRIMONIO,...)
ADQUISICIÓN DE FONDOS PARA ATENCIÓN AO ALUMNADO CON N.E.A.E	GUÍAS DE APRENDIZAXE DE PATRIMONIO CULTURAL	PROPOSTAS DE AUDIOVISUAIS DE LECTURA	CONTACONTOS CREATIVOS MENSUAIS OS FINS DE SEMANA LIBRO-FORUM ADULTOS	MERCADILLO SOLIDARIO DE LIBROS COA APORTACIÓN DE FONDOS POR PARTE DAS EDITORIAIS E A CIDADANÍA
REXISTRO DOS FONDOS NO MEIGA	-Creación de cancións, videoclips. -ELABORACION DE FONDOS DOCUMENTAIS: RECEITAS, CARTAS DE AMOR AOS FILLOS E FILLAS, LETRAS GALEGAS, ALIMENTACIÓN,... -Elaboración de recursos con	LIBROS DIXITAIS	LECTURA DE FIN DE SEMANA CON FICHA REXISTRO E ESCANEADO DE PORTADA PARA REXISTRO DIXITAL DE LECTURAS DO ALUMNADO	



	material de refugallo. -CREACIÓN DE Material multilinguas (galego, español, árabe)			
BLOG DE BIBLIOTECA CON NOVIDADES,		BLOG DE AULAS	PROPOSTAS DE LECTURAS MENSUAIS PARA ADULTOS E ALUMNADO	
CONSTITUCIÓN DUNHA BIBLIOTECA CON HORARIO DE APERTURA POLA TARDE		BLOG BIBLIOTECA	DEIXATE ATRAPAR POR PROPOSTAS DE PERSOEIROS IMPORTANTES DO EIDO DA CULTURA, EDUCACIÓN E DA COMUNICACIÓN	
		-Dípticos informativos: recomendación de lecturas, cine-CRA, pautas para as familias como contar contos., CARTEIS DE CAMPAÑAS SOLIDARIAS, -Continuidade na informatización da biblioteca Optimación, ampliación E MELLORA do blog da biblioteca Gravación de contos para a súa emisión na radio municipal	GUÍAS DE LECTURA	
			PROPOSTAS DE LECTURA POR FAMILIAS E ALUMNADO	
			CREACIÓN DE GUÍAS DE LECTURA, CONTOS EN AUDIO, CONTOS AUDIOVISUAIS	



PERSOA RESPONSABLE DA BIBLIOTECA: MERCEDES FERNÁNDEZ VELO

TUI 13 DE MAIO 2015

A DIRECTORA

A COORDINADORA DO PLAMBE

M. TERESA DOMÍNGUEZ PÉREZ

MERCEDES FERNÁNDEZ VELO